



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR Nº 3

TEMPADA 2016/2017

NORMATIVA DAS LIGAS DE:

- *3ª DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA*
- *1ª DIVISIÓN GALEGA*
- *2ª DIVISIÓN GALEGA*
- *2ª DIVISIÓN FEMININA*

A organización da liga de 3ª División Masculina corresponde á Federación Galega por delegación da Federación Española.

A normativa específica que se publica para o desenvolvemento desta Liga e as de 1ª División Galega, 2ª División Galega e 2ª División Feminina adáptase, con carácter xeral, ás normas emanadas do Regulamento Xeral da RFETM e á normativa común para todas as Divisións de Ligas Nacionais que se desenvolve na Circular correspondente..

TERCEIRA DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA

Liga regular a dobre volta, con dúas fases segundo explícase a continuación:

1. Primeira Fase:

- a. 30 equipos participantes.*
- b. Divididos en 4 grupos de 7/8 equipos, por proximidade xeográfica.*

2. Segunda Fase:

- a. Concentracións de ida e volta, segundo explícase a continuación:*
 - i. 4 concentracións cos primeiros, e segundos de cada grupo (valen os encontros disputados na 1ª Fase), para os postos 1 ao 8.*
 - ii. 2 concentracións cos terceiros de grupo para os postos 9 ao 12.*
 - iii. O mesmo para os cuartos para os postos 13 ao 16.*
 - iv. O mesmo para os quintos para os postos 17 ao 20.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- v. 4 concentracións cos sextos, sétimos e oitavos de cada grupo (valen os encontros disputados na 1ª Fase), para os postos 21 ao 30.

As prazas de ascenso a 2ª División Masculina determinaranse pola clasificación da concentración final (3 a 5 equipos). Dependendo das que conceda a RFETM.

Descenderán a 1ª División Galega, un mínimo de 6 equipos e un máximo de 9, dependendo dos equipos ascendidos á liga de 2ª División Masculina (3 a 5 equipos), e aos equipos descendidos da 2ª División Masculina (2 ou 3 equipos).

Os clubs con equipos en 3ª División Nacional Masculina deberán abonar por dereitos de inscrición a cantidade de 55 € por cada equipo inscrito.

Para disputar a liga de 3ª División Nacional Masculina fan falta un total de 5 licencias estatais, 4 si teñen equipos en categoría superior.

A próxima tempada formarán nesta liga 24 equipos repartidos en dous grupos de 12 equipos, que poderían oscilar de 11 a 13, para facilitar a proximidade xeográfica.

PRIMEIRA DIVISIÓN GALEGA

Liga regular a dobre volta.

29 equipos participantes, divididos en 3 grupos (Norte con 10 equipos, Centro con 9 equipos y Sur con 10 equipos), por proximidade xeográfica.

Ascenderán a 3ª División Masculina os primeiros de cada grupo.

Se houberse renuncias ascenderían os segundos de grupo hasta cubrir as tres prazas necesarias, para o cal, se tería en conta:

1. Puntos conseguidos polos segundos clasificados de cada grupo (sempre que os grupos finalizasen a liga cos mesmos encontros disputados).
2. No caso contrario, miraríase o coeficiente entre os puntos logrados e os encontros xogados en cada grupo (se o grupo foi inferior a 10 equipos ou, se se retirou algún equipo durante a competición).
3. Se aínda así non se pode determinar quen ascende, miraríase:
 - a. Quen gañou máis encontros
 - b. Se persiste o empate, quen empatou mais encontros.



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- c. A continuación, o coeficiente entre xogos gañados e perdidos
- d. Despois, o coeficiente entre puntos gañados e perdidos
- e. Por último, sorteo.

Se aínda así non chegara para cubrir as prazas, seguiríase o mesmo criterio cos terceiros, cuartos, etc.

Descenderán a 2ª División Galega os 3 últimos clasificados de cada grupo, pero, tendo en conta o apartado correspondente aos ascensos da 2ª División Galega.

Os clubs con equipos en 1ª División Galega deberán abonar por dereitos de inscrición a cantidade de:

1. Por un equipo: 35 €.
2. Por 2 ou máis equipos: 25 € por cada equipo.

Para disputar a liga de 1ª División Galega fan falta un total de 5 licencias galegas, 4 si teñen equipos en categorías inferiores.

A próxima tempada formarán nesta liga 36 equipos repartidos en tres grupos de 12 equipos, que poderían oscilar de 11 a 13, para facilitar a proximidade xeográfica.

2ª DIVISIÓN GALEGA

Liga regular a dobre volta.

De inscrición libre, 38 equipos distribuídos en 4 grupos de 8 a 11 equipos, por proximidade xeográfica.

Os grupos norte e noroeste quedaron con oito equipos en cada un, debido ás baixas de última hora, polo que se acordou facer unha fase final entre eses grupos, seguindo o mesmo criterio que para a terceira división, xerándose unha clasificación final que será válida para decidir os ascensos de categoría.

Ascenderán a 1ª División Galega un mínimo de 5 equipos.

De ser preciso, e para completar as prazas dispoñibles, terase en conta tanto ós terceiros clasificados da liga de 2ª División Galega (segundo o mesmo criterio que nas outras ligas), ou os antepenúltimos clasificados da Primeira División Galega con mellor coeficiente.

Os clubs con equipos en 2ª División Galega deberán abonar por dereitos de



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

inscripción a cantidade de.

- 1. Por un equipo: 25 €.*
- 2. Por 2 ou máis equipos: 20 € por cada equipo.*

SEGUNDA DIVISIÓN FEMININA

A organización desta liga será en concentracións de ida e volta, por zonas e grupos, tendo en conta os equipos inscritos.

Liga de inscrición libre, na que os equipos participantes se dividirán en grupos de 8 a 12 equipos, por proximidade xeográfica.

Os clubs con equipos en 2ª División Feminina deberán abonar por dereitos de inscrición a cantidade de:

- 1. Por un equipo: 25 €.*
- 2. Por 2 ou máis equipos: 20 € por cada equipo.*

O sistema de xogo será o Corbillón (2 a 4 xogadoras por encontro), finalizando o encontro cando un dos equipos alcance os tres partidos gañados.

Poderán ascender a 1ª División Nacional Feminina, tódolos equipos co soliciten.

NORMAS COMPLEMENTARIAS E COMÚNS

- 1. Todos os equipos participantes na liga de 3ª División Nacional interesados en ascender a 2ª División Nacional Masculina, deberán comunicalo á Federación Galega no prazo de 2 semanas logo de finalizada a liga.*
- 2. O número mínimo de licencias de xogadores/as a tramitar por un club será o seguinte:*
 - a. Cinco licencias de xogadores/as no caso de que o club só teña un equipo.*
 - b. Catro licencias por cada equipo, no caso de que un club teña máis de un equipo en Ligas Nacionais ou galegas.*
- 3. O número mínimo de licencias de delegados e adestradores a tramitar por un club será o seguinte:*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- a. *Un Delegado*
- b. *Un adestrador titulado.*
4. *Tódolos encontros das ligas de 3ª División Nacional, 1ª División Galega, 2ª División Galega e 2ª División Feminina deben ter árbitro designado.*
5. *Nos partidos de 3ª Nacional e 1ª División Galega os árbitros deben exercer a súa labor co uniforme oficial.*
6. *O sistema de xogo a empregar nas ligas de 3ª División Nacional Masculina, 1ª e 2ª División Galega será o Swaythling Reducido Modificado (mínimo 3 xogadores/as), eliminando o dobre, xogándose sempre os seis partidos individuais e con posibilidade de substituír xogadores/as dende o momento en que un equipo chegue os catro partidos gañados, polo que se producirán os seguintes resultados finais: 6-0 / 5-1 / 4-2 / 3-3.*

A orde de enfrontamentos e a seguinte:

A – Y

B – X

C – Z

A – X

C – Y

B – Z

7. *En cada encontro se darán as seguintes puntuacións:*
 - *2 puntos por encontro gañado.*
 - *1 punto por encontro empatado.*
 - *0 puntos por encontro perdido.*

En caso de non comparecencia, encontros inacabados, ou circunstancias irregulares, resolverá o Comité de Competición (Xuíz Único).
8. *O equipo local entregará ao árbitro en concepto de Dietas de Arbitraxe:*
 - a. *27,90 € en Terceira División Masculina*
 - b. *15,00 € en Primeira División Galega.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
Cl/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- c. 10,00 € en Segunda División Galega.
 - d. 10,00 € en Primeira Galega Feminina.
9. Rexerán os seguintes horarios para os encontros:
- a. En días festivos e domingos poderán dar comezo a partir das 9:00 horas.
 - b. Os sábados a partir das 16:00 horas.
10. Soamente en casos de forza maior se permitiran os aprazamentos de encontros, para o cal, os dous equipos terán que enviar ao Secretario da FGTM, e ao Xuíz Único, a seguinte documentación:
- a. O equipo interesado:
 - i. Solicitude de aprazamento do encontro.
 - ii. Motivo polo que se pide o aprazamento.
 - iii. Data alternativa.
 - b. O equipo rival:
 - i. Consentimento do aprazamento.
 - ii. Confirmación da data alternativa.
11. Envíen os escritos con sete días de antelación á data de celebración do encontro.
12. O Xuíz Único, decidirá en base aos argumentos esgrimidos, se procede, ou non, o aprazamento do devandito encontro, para o que, remitirá ao Secretario da FGTM e os dous equipos implicados un escrito coa resolución que adopte.
13. Os locais de xogo onde se celebren os encontros deberán ter un área mínima de 9 X 5 X 3 metros, sen obstáculos, con chan uniforme e delimitada en todo o seu contorno por valos regulamentarios.
14. Os clubs deberán dispor nos locais de xogo do seguinte:
- a. Mesa de xogo, en condicións regulamentarias, de calquera das marcas oficiais ITTF para ligas nacionais.
 - b. Mesa e cadeira para o árbitro.



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- c. Bancos ó cadeiras, para cada un dos equipos.
 - d. Seis pelotas novas (celuloide ou plástico).
 - e. Un marcador.
15. Os clubs locais terán dispoñibles as instalacións para poder realizar quecementos en mesa, polo menos, 30 minutos antes do comezo dos encontros.
 16. Os equipos presentaranse a xogar debidamente uniformados, debendo utilizar todos os xogadores dun mesmo equipo, camisetas ou polos do mesmo tipo, modelo e cor.
 17. As mesas, redes e pelotas estarán oficialmente homologadas.
 18. O Presidente do Comité Galego de Árbitros delegará, nos clubs locais, ou Delegados Zonais de Árbitros, a designación dos colexiados que actuarán en cada encontro.
 19. Os árbitros farán constar o seu número de licenza no acta do encontro.
 20. Desprazamentos de árbitros zonais:
 - a. No caso de que a localidade de residencia do árbitro estivese a unha distancia de 10 Km. ou superior do local de xogo, abonaránselle gastos de quilometraxe a razón de 0.15 €/Km. percorrido.
 - b. Se o desprazamento é superior a 100 Km. (ida e volta), ademais do importe sinalado no punto anterior, o club local abonará ao árbitro unha dieta complementaria de 12 €.
 21. Árbitros non zonais:
 - a. Os clubs poderán solicitar ao Comité Galego de Árbitros, cun mínimo de 10 días de antelación á data prevista para a celebración do encontro, un árbitro de zona diferente á do seu adversario. Neste caso o club solicitante abonará ao árbitro os gastos de quilometraxe establecidos no punto anterior e ademais a cantidade de 30 € en concepto de dieta.
 - b. Comité Galego de Árbitros poderá designar en calquera momento un árbitro de zona distinta á do equipo local. Neste caso o club local abonará só os dereitos de arbitraje fixados.



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

22. *A subida dos resultados a aplicación informática da web da FGTM será realizada polo delegado do equipo local subindo a acta antes das 24:00 horas do domingo do fin de semana da disputa do partido, debendo subir o resultado global e os parciais de todos os partidos do encontro, cos xogadores/as participantes.*
23. *O club que non suba a acta do encontro nos termos previstos será sancionado con 3 € por cada acta non subida.*
24. *A acta do encontro será enviada polo árbitro, vía E-mail a: lasencasas@hotmail.com, antes do mércores da seguinte semana.*
25. *O árbitro entregará:*
 - a. *Unha copia da acta o equipo local*
 - b. *Outra copia ao equipo visitante*
 - c. *Quedándose co orixinal para envialo por correo electrónico, tal e como se indica no punto 24. Tamén para posibles comprobacións futuras.*
26. *Os árbitros recibirán dos clubs locais en concepto de custodia para cada encontro, e antes do comezo do mesmo, o seguinte material:*
 - a. *Seis pelotas.*
 - b. *Actas oficiais.*
27. *O seu incumprimento non impedirá a celebración do encontro, pero deberá ser notificado polo árbitro, para que poidan ser tomadas as medidas regulamentarias.*
28. *Cando non se presentase o árbitro do encontro, e unha vez pasados quince minutos da hora fixada para o comezo, os delegados dos equipos contendentes elixirán de mutuo acordo e entre os presentes a unha persoa que polos seus coñecementos poidan desempeñar as funcións arbitrais; caso de non existir acordo, a elección farase por sorteo entre os candidatos propostos por ambos. A persoa elixida deberá cumprir todas as funcións arbitrais incluíndo informe arbitral detallando os feitos ocorridos.*
29. *No caso de que o árbitro se presentase con posterioridade ao comezo do encontro e durante o seu desenvolvemento, continuará o que iniciou o*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

encontro, percibindo a compensación estipulada. Será o Comité Galego de Disciplina Deportiva (Xuíz Único) quen, á vista das súas alegacións, decidirá as medidas disciplinarias a tomar.

- 30. En tódolos encontros de 3ª División Nacional Masculina, 1ª Galega e 2ª Galega e, 2ª División Feminina, utilizaranse os modelos oficiais de actas que se encontra no páxina da Federación Galega.*
- 31. Os árbitros agardarán ata media hora logo da hora oficial de comezo do encontro a presentación do equipo visitante. Cumprido este prazo pode procederse á firma do acta por parte do capitán do equipo local. Neste caso, o espazo destinado ao resultado complementarase coas siglas N.P. (non presentado). Será o Comité Galego de Competición (Xuíz Único) quen decida o resultado do encontro. No caso de que o equipo visitante presentácese dentro da media hora de espera, deberá xustificar ante o árbitro a causa do atraso para que este inclúao no seu informe ao Comité Galego de Competición (Xuíz Único).*
- 32. Para o equipo local tomaranse as mesmas decisións que no punto anterior, excepto no tempo de espera que para o equipo local é de só quince minutos.*
- 33. Solicitud de licencias:*
 - a. Para solicitar a súa tramitación deberanse seguir os trámites sinalados pola Federación Galega, cubrindo un formulario, segundo o recollido na circular correspondente.*
 - b. Todas as solicitudes de licencias para a liga de 3ª División Nacional Masculina, 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª División Feminina deberán ter entrada na F.G.T.M. con, polo menos, 7 días de antelación á data de comezo das súas ligas.*
- 34. As licencias de xogadores, delegados, e adestradores poderán tramitarse ata o 31 de agosto de 2017, na aplicación da Federación Española.*
- 35. Os capitáns presentarán ao árbitro, antes do sorteo de letras, as licencias dos xogadores que poderán intervir no encontro, debendo estes atoparse xa presentes.*
- 36. Para que o encontro de comezo é imprescindible a presenza de tres xogadores por equipo, aínda que se admiten estas dúas excepcións:*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- a. *Cando unha vez sorteados os tres xogadores, un deles sufrise lesión no adestramento previo ou no transcurso do encontro e esta impédíselle seguir xogando.*
 - b. *Cando o equipo visitante emprendese viaxe desde a súa ou as súas localidades de orixe e durante o traxecto, un dos xogadores sufrise lesión, enfermidade ou calquera outra circunstancia excepcional que lle imposibilitase xogar. Neste caso deberá ser presentada a licenza do xogador e os seus partidos perderaos por N.P.*
37. *Se un xogador non presentase licenza pode ser aliñado presentando o seu D.N.I. ou documento xustificativo da súa identidade. Ata a falta de estes, o xogador poderá ser aliñado baixo a exclusiva responsabilidade do seu club. A falta de licenza será especialmente resaltada polo árbitro a fin de dar conta ao Comité de Disciplina Deportiva (Xuíz Único).*
38. *Aliñacións en cada encontro:*
- a. *Aliñar polo menos dous xogadores/as nacionais nos partidos individuais.*
 - b. *Na liga de 3ª División Nacional Masculina deberán formar parte da aliñación inicial dous xogadores masculinos.*
 - c. *Poderán xogar na liga de 3ª División Nacional Masculina xogadoras de calquera categoría de idade e que teñan status de División de Honra ou inferior.*
 - d. *Os equipos que aliñen en 3ª División Nacional Masculina a unha ou varias xogadoras non poderán ascender a 2ª División Nacional Masculina.*
 - e. *Poderán xogar na liga de 1ª e 2ª División Galega xogadoras de calquera categoría de idade e que teñan status de Primeira División ou inferior.*
 - f. *Os equipos que aliñen en 1ª División Galega a unha ou varias xogadoras non poderán ascender a 3ª División Masculina.*
 - g. *Os xogadores de categoría de idade Sub 23, Xuvenil, Infantil, Alevín, Benxamín ou Pre/Benxamín poderán ser aliñados ata un máximo de 5 encontros en total, nun ou varios equipos de categoría superior.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Se quixesen participar nun sexto encontro terían que facelo nunha categoría superior á de orixe

- h. Os xogadores de categoría de idade Sénior e Veterano poderán ser aliñados nos equipos dese club dunha categoría superior ata un máximo de 1 encontro. Se quixesen participar nun segundo encontro terían que facelo nunha categoría superior á de orixe.*
 - i. Un xogador soamente poderá xogar nunha categoría por xornada.*
 - j. Unha xogadora soamente poderá xogar en 3ª División Masculina, 1ª ou 2ª División Galega e, á súa vez, nunha liga feminina, sempre que non coincidan no día oficial de xogo.*
- 39. As licencias de adestradores e delegados son os únicos documentos que facultan aos seus titulares para ocupar o banco correspondente reservado a eles e aos xogadores nos encontros do seu club nas ligas de Terceira División Masculina, Primeira Galega e Segunda Galega.*
- 40. A licenza federativa só ten validez para a tempada en que sexa solicitada, e a súa vixencia será dende o día 1 de setembro ata o día 31 de agosto do ano seguinte.*
- 41. As reclamacións por incidencias ocorridas no transcurso dun encontro deberán realizarse como máximo dentro das 72 horas seguintes á súa celebración, mediante escrito dirixido á Federación Galega de Tenis de Mesa.*
- 42. O capitán que proteste un acta, soamente deberá asinar no espazo destinado a tal fin, e non nos recadros de capitán vencedor ou capitán perdedor.*
- 43. Cando un xogador reciba cartón vermello no transcurso dun encontro, o seu club non poderá aliñalo de novo ata que non teña resolución do Xuíz Único.*
- 44. Se un equipo se retira da competición:*
- a. Se esta se produce na primeira volta descontaranse a efectos de clasificación os resultados dos encontros que disputase.*



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mai: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- b. Se a retirada prodúcese na segunda volta só descontaríanse os resultados dos encontros da segunda volta, pero non os da primeira.*
- 45. Por cada encontro non disputado, ao equipo que non se presentou a xogar imporáselle unha sanción de 150 euros.*
- 46. Para as normas xerais non contempladas nesta circular estarase ao disposto no Regulamento Xeral da Real Federación Española de Tenis de Mesa, na normativa de Liga Nacionais e resto de normativa aplicable.*

2 de novembro de 2016